

**MEMORIA PARA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A
CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE, O CABIDO DO
CONXUNTO CATEDRALICIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A
FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO PARA A RESTAURACIÓN DE
DIVERSOS BENS ARTÍSTICOS DA CAPELA DO CRISTO DE BURGOS DA
CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA .**

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural pretende formalizar co Cabido Catedralicio de Santiago e a Fundación Catedral, o instrumento conxunto arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025 e, no seu caso, ata a completa finalización das obras e, en todo caso, non superior a catro anos.

Que o instrumento conxunto ten como finalidade xeral garantir a adecuada conservación do Conxunto Catedralicio de Santiago de Compostela co fin de manter e promover a súa funcionalidade e significación relixiosa e cultural e poñer en valor, impulsar e acrecentar a súa función cultural e manter e desenvolver, de forma sostible, os recursos e potencialidades que posúen os valores culturais do monumento.

Que a Catedral de Santiago de Compostela é un senlleiro monumento do patrimonio cultural de Galicia, cumio da arte e arquitectura románica, que representa e materializa a meta e o destino final dos camiños de Santiago e polo tanto de centos de miles de peregrinos que, co desexo de chegar a ela, percorren as rotas de peregrinación xacobeas que desde calquera parte do mundo rematan en Compostela, nas portas da súa catedral. Características que fan da mesma un elemento único non so do patrimonio cultural galego senón do patrimonio universal.

Que a Catedral de Santiago de Compostela foi declarada monumento histórico pola Lei do 22 de agosto de 1896 e que na actualidade ten a a consideración de ben de interese cultural conforme a disposición adicional primeira da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español e a disposición adicional primeira da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

As obras a realizar consisten nas actuacións de Restauración do retablo da Crucifixión, retablo de santa María Salomé e retablo do pranto de san Pedro e na restauración do sepulcro do arcebispo Carrillo e do sepulcro do cardeal García Cuesta.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.



Que o instrumento conuenial asinado se fundamenta no seguinte:

Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa”, formalizado polo “Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia” asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuír ás necesidades de conservación, mellora e adecuada protección do patrimonio artístico e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como de subvencionar ou dotar, no seu caso, os convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente conuenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do presente convenio, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

